



## NEGOCIACIÓN COLECTIVA - PDI LABORAL Comunicado

Trala aprobación da Lei Orgánica de Universidades (LOU) configúrase unha nova situación nas Universidades Galegas que é consecuencia dos cambios introducidos coa creación de novas figuras de profesorado contratado en todo o Sistema Universitario. A transformación dos contratos existentes antes da LOU, aínda en vigor a meirande parte deles, e a súa integración nas novas figuras introduce un cambio no seu réxime xurídico que, por outra banda, deixa a este colectivo sen o amparo de órgano de representación algún para exercelo seu dereito á negociación colectiva.

Na súa virtude, as organizacións sindicais CCOO, CIG e UGT mantivemos o pasado día 2 de maio do corrente ano unha xuntanza co fin de analizar a situación e adoptar as medidas conseguíntes que conduzan ao establecemento dos canles de negociación oportunos cara a negociación dun convenio colectivo único que regule os dereitos do profesorado contratado en réxime laboral. Como consecuencia de dita reunión, **acordouse, que trala aprobación polos órganos das respectivas organizacións, a convocatoria dunha reunión conxunta entre as Administracións competentes e as Organizacións Sindicais**, para debater estes aspectos e có fin mencionado. Deste xeito, acordouse convocar aos rectores das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, así como ao Conselleiro de Educación para unha reunión a celebrar o día 20 de maio, que foi posposta posteriormente para o vindeiro día 31 de Maio de 2005.

É de lamentar que neste proceso, presidido polo principio de consenso entre as organizacións sindicais, que ven manténdose dende a aprobación da LOU cara a unha mellor consecución dos obxectivos tendentes ao establecemento da negociación colectiva no ámbito universitario, a central sindical CIG difunda unha convocatoria de asembleas informativas na que se presente diante do persoal como única promotora desta iniciativa de constitución de foro autonómico para negociar un convenio para o PDI laboral contratado. Pensamos que esta actitude, na maneira de difundir a información, non contribúe máis que á división sindical dende o punto de partida, o cal só ten un prexudicado que é o colectivo que se trata de defender. Por elo, tanto CCOO como UGT lamentamos estas actuacións de carácter *unilateral*, que tanto dano fan ao respecto e á confianza entre as organizacións sindicais, necesarios para o establecemento de acordos e pactos nun momento favorable para a regularización laboral dun colectivo con importantes condicións de precariedade. Desexamos, polo tanto, que este tipo de actuacións deixen de producirse en beneficio de todos e todas, en aras de garantir a unidade e confianza mutua, básicos na acción sindical.

Finalmente, queremos informarnos que a posición de UGT e de CCOO en relación co particular será, preferentemente, a que se acorde entre tódalas centrais sindicais como principio, si ben, e tendo en conta as peculiaridades da similitude entre as funcións, tarefas e condicións do PDI funcionario e as do PDI laboral, esixiremos que o proceso negociador se enmarque, como así tense acadado noutras Comunidades Autónomas, nun contexto fixado por un **Acordo entre a Administración Autonómica, as Universidades e as Organizacións Sindicais**, que contemple o ordenamento da *negociación colectiva* no ámbito do Persoal Docente e Investigador das Universidades Públicas de Galicia, que deberá regular, entre outras, a actuación dunha Mesa Sectorial de Universidades na C.A. Galega, dunha Mesa de Negociación nas respectivas Universidades, e dun marco que permita a negociación do Convenio Colectivo único do Persoal Docente e Investigador Laboral das Universidades Galegas.

Por UGT  
Ricardo García Mira

Por CCOO  
Roberto Barral Blanco